



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Telf.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

Asunto: Establecemento e ordenación dos prezos públicos polos servizos de transporte escolar para o alumnado de FP e Bacharelato

Expediente núm.: 2025/G014/000004 (Prezo público transporte)

Expediente núm.: 2025/G006/000157 (Proposta)

Expediente núm.: 2025/G007/000011 (Xunta de Goberno local)

Visto que, con data do 12 de novembro de 2025, o Departamento de Cultura presentou a súa proposta, na que argumentaba a necesidade de tramitar o procedemento para o establecemento e ordenación de prezos públicos para o servizo de transporte escolar para o alumnado de FP e Bacharelato.

Visto que, con data do 12 de novembro do 2025, incoouse pola Alcaldía o procedemento para o establecemento e ordenación do dito prezo público.

Vista o proposta de acordo regulador do prezo público do anexo I deste informe.

Visto que polo departamento de cultura se emitiu unha memoria económico-financeira sobre o custo e rendemento do servizo, no que xustificou o importe dos prezos públicos e o grao de cobertura financeira dos custos correspondentes, así como as razóns sociais e de interese público ligadas ao servizo que se transcribe a continuación:

TIPO DE GASTO	CUSTO
Importe achegado polo Concello	23.600,00 €
Achega das familias	13.400,00 €
TOTAL	37.000,00 €



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Telf.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

Visto que, con data do 12 de novembro de 2025, se emitiu un informe xurídico comprobando a viabilidade e a legalidade do proxecto proposto de acordo coa normativa que resulta de aplicación, así como coas regras internas que, no seu caso, teña aprobadas a entidade nos seus regulamentos orgánicos.

Visto que, con data do 12 de novembro de 2025, se emitiu pola Intervención un informe favorable no que se avaliou o impacto económico-financeiro da proposta do servizo, así como o cumprimento da normativa aplicable e, en particular, os principios de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

Examinada a documentación, a Xunta de Goberno local, en virtude da competencia que se lle delega mediante resolución da Alcaldía, co Decreto 410/2023, do 19 de xullo de 2023, por unanimidade dos asistentes, acorda:

PRIMEIRO. Aprobar o Acordo regulador para o establecemento e ordenación dos prezos públicos dos servizos de transporte escolar para o alumnado de FP e Bacharelato, que se incorpora como Anexo I no presente informe-proposta e forma parte integrante do expediente.

SEGUNDO. Exporlle ao público o anterior Acordo mediante anuncio que se inserirá no taboleiro de anuncios municipal durante o prazo de trinta días hábiles, a contar desde o seguinte ao da publicación do devandito anuncio no *Boletín Oficial da*

Provincia, para os efectos informativos.

Así mesmo, estará á disposición das persoas interesadas na Sede electrónica desta entidade (dirección <https://www.concellodabana.gal/>).

TERCEIRO. Darlles traslado do seguinte acordo aos departamentos correspondentes.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Telf.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

ANEXO I

ACORDO REGULADOR DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE TRANSPORTE ESCOLAR PARA A ENSINANZA NON OBRIGATORIA NOS CENTROS DA CONTORNA

ARTIGO 1. Fundamento e obxecto

Esta entidade local, en uso das facultades contidas nos artigos 41 a 47 e 127 do Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, establece o prezo público por prestación do servizo de transporte escolar para a ensinanza non obrigatoria nos centros educativos de referencia.

Para os efectos do presente acordo, enténdese por ensinanza non obrigatoria aquela que se imparte tras a educación secundaria obrigatoria (ESO) e que inclúe:

- a) Bacharelato, destinado á formación xeral e académica do alumnado co obxectivo de continuar estudos superiores.
- b) Formación Profesional (FP), que comprende os ciclos formativos de grao medio e superior orientados á adquisición de competencias profesionais específicas.

Para os efectos do presente acordo, consideraranse centros educativos de referencia os que a Xunta de Galicia lle asigna ao municipio da Baña como opcións para a educación non obrigatoria do alumnado, concretamente:

- a) IES Terra do Xallas, situado en Santa Comba.
- b) IES Xulián Magariños, situado en Negreira.

ARTIGO 2. Feito imponible

O feito imponible está constituído pola utilización do servizo de transporte escolar para a ensinanza non obrigatoria nos centros da contorna que presta este Concello.

ARTIGO 3. Obrigados ao pago

Están obrigadas ao pago as persoas que se benefician da prestación do servizo obxecto deste acordo.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Telf.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

ARTIGO 4. Responsables

En relación coa responsabilidade solidaria e subsidiaria do prezo público, atenderase ao establecido nos artigos 41, 42 e 43, respectivamente, da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

ARTIGO 5. Contía

O pagamento do servizo efectuarase por domiciliación bancaria e de forma mensual, agás o primeiro cargo, que se realizará unha vez transcorridos os meses de setembro e outubro.

O prezo público asumido pola persoa usuaria será o seguinte

RENDA PER CÁPITA	CUSTO
Ata 7.250,00 euros	50,00 €/mes
Entre 7.251,00 e 14.000,00 euros	75,00 €/mes
Máis de 14.000,00 euros	100,00 €/mes

A renda neta per cápita familiar obterase como resultado de realizar os seguintes cálculos en base á declaración da renda do exercicio anterior:

1. Sumarase a base imponible xeral coa base imponible do aforro.
2. Deste resultado restarase a cota líquida resultante da autoliquidación.

Segundo isto, a renda familiar para os efectos da autodeclaración é o resultado da facer as seguintes operacións coa declaración do IRPF: recadro 435 + recadro 460 – recadro 595. O resultado obtido dividirase polo número de membros que forman parte da unidade familiar.

ARTIGO 6. Exencións e bonificacións

No suposto dalgún dos casos que se relacionan a continuación serán de aplicación unha serie de descontos:



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Telf.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

- Aquelas persoas usuarias que acheguen a documentación correspondente demostrando que non poden usar o servizo de transporte á volta por non coincidir os horarios da FP cos do bacharelato terán un desconto do 50 %, sempre e cando ningún dos días lectivos coincidan ditos horarios.
 - Documentación a achegar: matrícula do curso de FP ou Bacharelato e horarios incompatibles co servizo de transporte.
- Por segundo/a irmán/irmá: desconto do 17,5 % a aplicar á cota correspondente a cada unidade familiar.
 - Documentación a achegar: acreditación do vínculo familiar (libro de familia ou equivalente).
- Por discapacidade acreditada da persoa usuaria do servizo de transporte igual ou superior ao 33 %: desconto do 50 % a aplicar á cota correspondente a cada unidade familiar.
 - Documentación a achegar: certificado de discapacidade expedido polas autoridades competentes.
- Por ser familia numerosa de réxime xeral ou familia numerosa de réxime especial: desconto do 50 % a aplicar á cota correspondente a cada unidade familiar.
 - Documentación a achegar: libro de familia ou tarxeta acreditativa de familia numerosa.

No suposto de que se cumpran algunha das circunstancias que se indican a continuación, serán de aplicación os seguintes descontos na cota do servizo de transporte escolar, sempre que se acredite mediante a documentación correspondente.

ARTIGO 7. Devindicación

A devindicación deste prezo público terá lugar cando se efectúe a inscrición correspondente, polo que nace a obriga de pago cando se confirme a execución do servizo ou actividade.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Telf.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

ARTIGO 8. Normas de xestión

O prezo público esixirase en réxime de autoliquidación, en virtude do artigo 45 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

O pago do prezo público aboarase mediante domiciliación bancaria no número de conta indicado polos beneficiarios do servizo.

O pago do prezo público deberá facerse efectivo entre o día 1 e o día 10 de cada mes.

Procederá a devolución do importe total sempre que se solicite a baixa do servizo 15 días antes a través do rexistro municipal.

No caso de que non se aboen as tarifas dentro do prazo establecido, suspenderase a prestación do servizo á persoa usuaria, salvo que o atraso estea xustificado e se lle comunicase ao Concello, situación na que non se aplicarán sancións nin suspensión do servizo.

ARTIGO 9. Modificación

A modificación dos prezos públicos fixados no presente acordo corresponderalle ao pleno da corporación sen prexuízo das facultades de delegación na Xunta de Goberno local, en virtude do artigo 47.1 do Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais.

ARTIGO 10. Lexislación aplicable

En todo o non previsto no presente acordo estarase ao disposto no Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais e na Lei 8/1989, de 13 de abril, de taxas e prezos públicos.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente acordo, que foi aprobado na Xunta de Goberno local, na sesión celebrada o día 13 de novembro de 2025, entrará en vigor o mesmo día da súa aprobación. O texto íntegro do Acordo publicárase no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña* e na Sede electrónica do Concello da Baña, para os efectos informativos para xeral coñecemento. O dito acordo permanece en vigor ata que se acorde a súa modificación ou a súa derogación expresa.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Telf.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE